



Circular 55-2020.- APRAZAMENTO DE COTAS E AXUDAS PARA O ABONO DE COTAS COLEXIAIS

Prezado compañeiro, Prezada compañeira:

A Xunta de Goberno, acordou as seguintes axudas:

A) APRAZAMENTO DE COTAS COLEXIAIS DE MAIO E XUÑO:

Acordouse conceder o aprazamento do pago das cotas colexiais de maio e xuño de 2020 (que se terían que pasar ao cobro en xuño en xullo, respectivamente), **aos compañeiros e compañeiras que así o soliciten mediante o formulario que se xunta como ANEXO I**, podendo optar polo pago fraccionado en prazos de 3 ou 6 meses, de forma que as cotas aprazadas se remitirán conxuntamente coas cotas colexiais a partir do mes de agosto 2020, que deberá remitirse ao enderezo electrónico: colexio@icavigo.org.

A tal efecto, recórdase que o importe da cota colexial é de 29 €, correspondendo o resto das cantidades aos conceptos que a continuación se detallan:

Cota ao <i>Consejo General Abogacía Española</i>	3,26 €/mes
Cota ao Consello da Avogacía Galega	1,25 €/mes
Seguro de Responsabilidade Civil (ata 450.000 €)	21,44 €/mes
Seguro Indemnización diaria por baixa (enfermidade ou Accidente)	9,10 €/mes
Seguro Accidentes	0,33 €/mes
Vida e Invalidez	3,94 €/mes
(asegurados de 70 anos ou máis, sólo cobertura vida:	2,47 €/mes)

B) AXUDAS PARA O ABONO DAS COTAS COLEXIAIS DE AVOGADOS CON DIFICULTADES ECONÓMICAS DURANTE O ESTADO DE ALARMA POR RAZÓN DA INACTIVIDADE XUDICIAL.

Debido á difícil coxuntura sanitaria, social e económica derivada da pandemia e do estado de alarma, que afecta a toda a sociedade, e en estes momentos de forma especial a profesionais da avogacía que desenvolven a maior parte do seu traballo ante os tribunais, ou se dedican a asuntos sobre os que apenas se demandan servizos de asesoramento e defensa, a Xunta de Goberno acordou conceder as seguintes axudas aos que, por distintas razóns, se encontran a día de hoxe nunha delicada situación



económica que lles fai difícil soportar o pago das cotas durante estes meses de escasa actividade xudicial.

As axudas consisten no **importe dunha cantidade que cubra dende tres a seis cotas colexiais do ICA Vigo, do Consello da Avogacía Galega e do CGAE**, e concédense con cargo ás partidas orzamentarias de imprevistos do orzamento do exercicio 2020 (22.695€) e, no seu caso, da partida destinada ao fondo de obra social (9.000€).

B. 1.-REQUISITOS PARA ACCEDER ÁS AXUDAS:

- 1) Ser avogado/a (colexiado/a exercente), residente (con despacho aberto no partido xudicial de Vigo e Redondela) e con exercicio exclusivamente por conta propia (mutualista ou de alta no RETA), e incorporado a este colexio antes do 31 de Decembro de 2019.
- 2) Estar ao corrente no pago das cotas colexiais e demais obrigas do Colexio ao tempo de realizar a solicitude, ou ter solicitado antes do día 30 de Marzo de 2020 o aprazamento das mesmas, nas condicións recollidas na circular 33/20 do ICA Vigo.
- 3) Non pertencer á Xunta de Goberno do ICA VIGO.

B.2.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS

- 1) Non dispor de ningún outro tipo de ingresos distintos aos xerados pola actividade profesional da avogacía.
- 2) Ter obtido no primeiro trimestre de 2020 ingresos inferiores ao 50% da media trimestral do exercicio 2019, ou á media dos dous últimos trimestres.
- 3) Ter solicitado aprazamento dos impostos ante a AEAT, con motivo do estado de alarma.
- 4) Non dispor de financiación por terlle sido denegado crédito por entidades financeiras, por motivos de solvencia.
- 5) Non ter obtido ningún tipo de axuda (RETA ou MUTUALIDADE).

A axuda consistente no importe correspondente a seis cotas requirirá a concorrencia de todos os criterios fixados para a súa concesión. A concorrencia de catro dos requisitos indicados, poderá dar lugar á obtención da axuda consistente no importe correspondente a tres cotas.



B.3.-DOCUMENTACIÓN A ACOMPAÑAR COA SOLICITUDE:

- Última declaración da renda presentada e patrimonio no seu caso.
- Declaracións de IVE do terceiro e cuarto trimestres do 2019, e primeiro trimestre de 2020.
- Declaración responsable de ingresos obtidos no terceiro e cuarto trimestres do 2019, e primeiro trimestre de 2020.
- Declaración responsable de non ter percibido outras axudas do Estado, da Mutualidade ou outras prestacións ou axudas derivadas do estado de alarma, cumprimentando o **ANEXO III**, que se xunta.
- Contrato de aluguer, ou últimos tres recibos de renda, do despacho profesional, no seu caso.
- Documentos acreditativos de diversidade funcional así como recoñecemento vinculados á LAPAD (*ley 39/2006 de Promoción de la Autonomía Personal y Atención a las Personas en situación de Dependencia.*)
- Libro de familia, no seu caso.
- Declaración responsable de non ter obtido financiación de entidades de crédito para facer fronte a esta situación, por motivos de solvencia, cumprimentando o **ANEXO IV**, que se xunta.

B.4.-¿CÓMO SE SOLICITA?

Deberá cumprimentarse o formulario de solicitude que se xunta, como **ANEXO II**, e no seu caso, declaracións xuradas anexas, que deberán remitirse, coa documentación requirida, ao enderezo electrónico: colexio@icavigo.org

B.5.-¿PRAZO PARA SOLICITAR A AXUDA?

O prazo de presentación das axudas finaliza o 9 de Xuño de 2020.

B.6.-VALORACIÓN:

A Xunta de Goberno, para conceder ou denegar a axuda, terá en consideración a situación de dificultade económica na que se encontra actualmente a persoa solicitante, de acordo coa documentación presentada.

Só se concederán as axudas que, cumpridos os requisitos e criterios esixidos, se considere que cumpren a finalidade pretendida, de forma que a cantidade total aprobada



para cubrir as axudas concedidas, pode ser inferior ao importe das dotacións previstas para atendelas, quedando nese caso o remanente de ditas partidas destinado aos fins para os que foi orzado.

No caso de que o número de solicitudes atendibles fora superior ás que se poden conceder de acordo cos límites orzados, utilizaranse para a selección, ademais dos xa indicados, os seguintes criterios: ingresos da unidade familiar, cargas familiares, anos de exercicio profesional, patrimonio, costes de aluguer do despacho profesional e estado de saúde; sempre que tales circunstancias poidan afectar á situación económica do solicitante e ás súas dificultades para atender o pago das cotas colexiais.

B.7.-PRAZO PARA A TRAMITACIÓN DAS AXUDAS E RESOLUCIÓN:

A Xunta de Goberno comunicará aos solicitantes a concesión ou denegación da axuda solicitada no seu enderezo electrónico profesional antes do día 17 de Xuño de 2020.

A concesión da axuda destinarase por parte do ICA VIGO ao pago dos próximos recibos colexiais mensuais ata cubrir o importe concedido (cotas colexiais, cota do CGAE e Cota do CAG).

Esta axuda tamén poderá aplicarse, á solicitude do interesado, a anteriores cotas aprazadas.

C) NOTA ACLARATORIA: Se a axuda para o abono de cotas (apartado B) non fora concedida, podes solicitar, subsidiariamente, o fraccionamento das cotas de maio e xuño en 3 ou 6 prazos, cumprimentando só os anexos II, III y IV.

En Vigo, a 27 de Maio de 2020.